

Ante a deixadez da Xunta, o Concello asume a xestión do comedor escolar...

"O Concello de Oroso vai asumir a xestión do comedor escolar do novo colexio". Así o confirma o alcalde Manuel Mirás, quen explica que "mentres a Xunta non cumpre coas súas obrigas establecidas por lei, o Concello de Oroso non vai deixar colgados ás familias de Oroso polo que atenderemos as peticións da Asociación de Pais e asumiremos a xestión do comedor escolar, que terá uns prezos menores aos doutros municipios como Santiago ou Ames". O concelleiro de Ensino, Antonio Leira, está a ultimar estes días as características do mesmo pero "podemos adiantar que terá un prezo mensual de 55 euros e un prezo de 5 euros para días soltos, ademais dos distintos descontos por segundo irmán ou familia numerosa".

A pesar dos continuos atrasos por parte da Xunta e da empresa construtora, que non entregaron as obras ata ben entrada a primeira quincena de agosto cando se comprometeran a telas rematadas en maio ou, como moi tarde, a finais de xullo, o Concello de Oroso volveu demostrar o seu compromiso coa comunidade educativa acometendo as obras que lle correspondían para que o novo colexio poda abrir este mes de setembro. E iso a pesar dos últimos atrancos, como que a acometida do gas non se puido facer ata finais de agosto porque a Xunta agardou ata o último momento para presentar a solicitude ante Gas Natural ou como que as obras de urbanización exterior non puideron comezar cando estaban previstas por mor de que a empresa construtora tiña ocupados os terreos con casetas e maquinaria.

Senda peonil

Pese a estes últimos atrancos, o Concello de Oroso cumpriu puntualmente cos seus compromisos para que o colexio poda abrir as súas portas. Agora centrarase en mellorar os accesos ao centro, entre os que se inclúe unha senda peonil dende a rúa do Portiño que comunicará coa gardería da Ulloa e as beirarrúas da N-550. Xusto enfronte, acometerá unhas beirarrúas dende os talleres ata a chegada ao centro escolar. O Ministerio de Fomento será quen decida onde se coloca o novo paso de peóns para os rapaces que veñan da outra marxe da N-550.



O Concello e a Xunta de Compensación Urbanística da Área de Reparto Nº 1 están a executar as obras de urbanización en tempo récord

...e inviste outros 50.000 euros na mellora dos demais centros educativos


Paralelamente, o Concello de Oroso ten acometido durante o verán unha serie de melloras nos centros educativos do municipio no que investiu máis de 50.000 euros. Uns traballos especialmente intensos no antigo CEIP de Sigüeiro, onde se arranxou o tellado, se cambiaron as fiestras dos teitos e se pintaron a fachada principal e algunhas aulas. Ademais, realizáronse diversos traballos de albanelería e de fontanería. No caso do IES de Oroso, realizáronse traballos de mantemento, especialmente en cuestións de albanelería e de fontanería. Finalmente, nas unitarias tamén se acometeron actuacións de mantemento, pintado, electricidade e fontanería. Mención especial merece a Unitaria de Vilacide, onde o Concello acondicionou un patio de xogos e instalou un parque infantil.



Aberta a inscrición nas actividades gratuítas para maiores 2014-2015

O Concello abre o prazo de inscrición nas actividades gratuítas para maiores de cara ao curso 2014-2015. A oferta do Concello inclúe ximnasia (no centro cultural de Sigüeiro e nos locais sociais de Trasmonte, Senra e Os Ánxeles), informática (na Aula de Informática de Sigüeiro) e taichí, obradoiro da memoria e música e movemento (no centro cultural de Sigüeiro). As clases comezarán en outubro e extenderanse ata o vindeiro mes de maio.

Para anotarse é preciso ter máis de 60 anos, estar empadroado en Oroso, non estar afectado por ningunha enfermidade infecto-contaxiosa e que a actividade solicitada sexa compatible co estado de saúde do solicitante. O prazo de inscrición estará aberto ata o 26 de setembro no Departamento de Servizos Sociais (mércores e venres, rúa do Deporte nº 9, baixo. Telf: 981 688 950) ou no Departamento de Animación Social (luns e martes, rúa da Cultura nº 1. Telf: Teléfono 981 690 903). É preciso a inscrición dun mínimo de 10 persoas para a realización de cada actividade.



Fomento ten os viais paralelos da N-550 nun estado terciomundista

Fomento desbroza as beiras da N-550 a petición do Concello



O Ministerio de Fomento aceptou a **petición do Concello de Oroso** e procedeu á limpeza limpeza das marxes da N-550, que tiñan acumuladas grandes cantidades de maleza e supoñían riscos tanto para a seguridade do tráfico como de incendios. Un estado "selvático", como o denominou o alcalde Manuel Mirás, froito de 3 anos sen facer un desbroce en condicións.


Onde non houbo tanta sorte foi co deplorable estado dos viais paralelos á N-550, utilizados polos veciños para desprazárense entre lugares situados ao pé da nacional ou para acceder con maquinaria agrícola ás leiras da zona. Mirás denuncia que o seu estado "é deplorable porque onde aínda conservan o firme presentan múltiples irregularidades e están practicamente intransitables". E a situación podería agravarse aínda máis tras o verán, coa chegada das chuvias.



Retomamos os "Martes saudables" cunha charla sobre o voluntariado

Coa chegada de setembro, o Concello retoma o programa "Martes saudables", unha iniciativa que pretende achegar información de interese e de utilidade aos nosos maiores. Se durante o ano pasado as actividades estiveron centradas en temas relacionados coa saúde e co medio ambiente, para empezar esta nova temporada a temática escollida é o voluntariado.

A charla terá lugar o martes 9 de setembro, ás 17:00 horas, no local da terceira idade en Sigüeiro. A asistencia é totalmente de balde, se ben por razóns de organización é mellor anotarse nos Servizos Sociais (981 688 950).



O Oroso TM, a facer historia: debutará na Superdivisión Masculina de tenis de mesa

O próximo 04 de outubro dará comezo a temporada máis importante ata o momento para o club **Oroso TM** que, logo de acadar 4 ascensos nas ligas nacionais, debutará na máxima categoría nacional do tenis de mesa: a SuperDivisión Masculina. Unha proeza na que, ademais, son pioneiros a nivel comarcal, pois son o primeiro equipo da comarca de Ordes que competirá na máxima categoría da súa modalidade deportiva. Un fito que hai que agradecer á Dirección Técnica do Oroso TM, aos seus adestradores e aos seus xogadores, que en tan só 8 anos acadaron a élite do tenis de mesa nacional. Noraboa a todos e a disfrutar este ano!!!



Comezan as obras da última fase da senda peonil que unirá a urbanización Porto Avieira con Sigüeiro

O Concello de Oroso vén de iniciar as obras da última fase da senda peonil que unirá a urbanización Porto Avieira (Gándara) con Sigüeiro. Así, o alcalde Manuel Mirás cumpre o **compromiso adquirido en setembro de 2013**, data na que anunciara que "nos próximos anos temos a intención de rematar a senda peonil entre Sigüeiro e Gándara co tramo da rúa María Casares, no mesmo lado onde vai o alumbeado público que acabamos de estrear. Deste xeito, os veciños e veciñas de Porto Avieira estarán unidos coa capital municipal a través dunha senda peonil que partirá das propias beirarrúas da urbanización, o que mellorará a súa seguridade viaria". As obras estanse a acometer na rúa María Casares, moi utilizada como primeiro acceso á urbanización Porto Avieira, concretamente no tramo entre as beirarrúas da urbanización e a **segunda fase da senda peonil** construída polo Concello de Oroso en setembro de 2012. Deste xeito, nestes últimos tres anos o Concello de Oroso ten investidos preto de 150.000 euros en conectar a urbanización Porto Avieira con Sigüeiro e en dotar á rúa María Casares de alumbeado público.



O Concello de Oroso vén de iniciar as obras na rúa María Casares



O centro cultural de Sigüeiro acolle o Góis/Orosoartes 2014

A sala de exposicións do centro cultural de Sigüeiro acollerá, do 12 de setembro ao 3 de outubro, unha selección das obras máis significativas que participaron no prestixioso certame internacional **Góis/Orosoartes 2014**, que Oroso celebra conxuntamente co seu municipio irmán de Góis. A inauguración da exposición terá lugar na tarde do venres 12 de setembro e nela participarán os 25 artistas galegos que expuxeron o pasado mes de xullo en Portugal.



Novas inscricións na Aula de Música para o curso 2014-15

O Concello de Oroso abre ata o 5 de setembro o **prazo de inscrición** na súa Aula de Música para o curso 2014-2015. As prazas son limitadas e outórganse por rigorosa orde de entrada das solicitudes no Rexistro Municipal. Terán preferencia de acceso as persoas empadroadas en Oroso. **Máis información** sobre os trámites de inscrición e a oferta formativa da Aula de Música, no Centro Cultural (981 69 09 03) de luns a venres entre as 9:00 e as 14:00 horas.

CAMPAMENTO URBANO 1 al 9 Septiembre 2014

VENDEDORES **OROSO** 3 a 12 años

Inglés 100%
Lectoescritura
Actividades lúdicas
Liderazgo y comunicación
Salidas en el entorno urbano

7:30 a 15:30 = 80€ día suelto = 7€
9:00 a 14:00 = 80€ día suelto = 6€

Posibilidad otros horarios y servicios...

INSCRIPCIÓN PREVIA:
Centro Cultural Fernando Casares Novos 981690903

el Paseo Carboeiro, 9 Sigüeiro - Oroso
981981905 · 981890944 · 669956427

escuela **CONTALENTO**

AULA DE MÚSICA CURSO 2014/15

PRAZO DE INSCRIPCIÓN DO 1 AO 5 DE SETEMBRO

VENDEDORES **OROSO** coa cultura

PRAZAS LIMITADAS

- POR RIGOROSA ORDE DE ENTRADA DAS SOLICITUDES NO REGISTRO MUNICIPAL
- PREFERENCIA AOS EMPADROADOS/AS NO CONCELLO DE OROSO

Máis información no centro cultural de luns a venres de 9 a 14h ou no 01 981 690 903

Charla "O voluntariado"

Voluntariado

Día: 9 de setembro
Horario: 17:00 h
Lugar: Local do terceiro idade,
Rúa do Campo, 9-Isua

MÁS INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN:
DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS
Rúa do Depo, 9 Novos
11000 BILBAO

www.concelloorosos.com

Voluntariado Oroso

Meritos saudables cos nosos

OROSO VOLUNTARIADO **OROSO**

Foi noticia...



Gran éxito da Semana Cultural

O espectáculo de acrobacias aéreas "Chosco Voando", da compañía "Circo Chosco", foi o encargado de poñer o broche de ouro a unha exitosa Semana Cultural do Concello de Oroso. Así o apunta o concelleiro de Cultura, Antonio Leira, quen amosa a súa satisfacción "pola elevada participación rexistrada na vintena de actividades organizadas polo Concello de Oroso durante esta última quincena de agosto". Leira Piñeiro fai unha valoración moi positiva desta gran participación "xa que demostra o acerto de ofrecer unha oferta variada de actividades gratuítas para todos os gustos e idades e que incluíu **contacontos**, actuacións musicais, **teatro**, excursións, maxia, **monicreques**, **acrobacias**, clown, xogos, cursiños e **obradoiros**".



O Sigüeiro A proclamouse campión do XII Torneo de Fútbol do Concello de Oroso, disputado no campo municipal de Deixebre. Impuxéronse na final ao Sigüeiro B por 0-2. Nas semifinais, ambos gañaran á SD Deixebre (0-1) e á E.D. Oroso (1-2), respectivamente.

Setembro

4 Fin do prazo de inscrición no programa Bos Días Cole

9 Martes saudables: "O voluntariado". Ás 17:00 horas no local da terceira idade.

26 Fin do prazo de inscrición nas actividades para maiores

5 Fin do prazo de inscrición na Aula de Música de Oroso

12 Inauguración da exposición Goisorosoartes 2014 no centro cultural de Sigüeiro